

# CONVOCATORIA BECASAIE 2024/25

A AIE, Sociedade de Artistas Intérpretes ou Executantes de España, dentro do seu programa de Fondo Asistencial e Cultural, convoca para o curso 2024/25:

## 117 BECASAIE de Formación ou Ampliación de Estudos Musicais, segundo a seguinte distribución:

• **24 BECASAIE** cunha dotación de ata 1.000 € destinadas ás seis escolas que se indican a continuación:

• <b>Escuela de Música Creativa, Madrid</b>	6 BECASAIE
• <b>Taller de Músics, Barcelona</b>	6 BECASAIE
• <b>Aula de Música Moderna i Jazz Fundació Conservatori del Liceu, Barcelona</b> Dúas destas bolsas serán Bolsas Ricard Roda	4 BECASAIE
• <b>Escuela Fundación Cristina Heeren de Arte Flamenco.</b> Estas 4 bolsas poderán agruparse en 2 bolsas de 2.000 € cada unha	4 BECASAIE
• <b>Escuela de Música Joaquín Turina, Sevilla</b>	2 BECASAIE
• <b>Escuela Popular de Música y Danza, Madrid</b>	2 BECASAIE

• **44 BECASAIE** cunha dotación de ata 1.000 € destinadas ás nove escolas da REEM distribuídas segundo a listaxe:

• <b>Conservatorio Mayeuis, Vigo</b>	6 BECASAIE
• <b>Escuela de Música Piccolo y Saxo, Logroño</b>	6 BECASAIE
• <b>Escuela de Música y Baile Presto Vívace, A Coruña</b>	6 BECASAIE
• <b>Estudio Escola de Música, Santiago de Compostela.</b> En determinadas circunstancias, o centro pode esixir un mínimo de materias para matricularse	6 BECASAIE
• <b>Academia de Música Contemporánea, Madrid</b>	5 BECASAIE
• <b>Escuela de Nuevas Músicas, Madrid</b>	5 BECASAIE
• <b>Taller de Músicos, Madrid</b>	5 BECASAIE
• <b>Jam Session Escuela de Música, Barcelona</b>	3 BECASAIE
• <b>Escuela de Música Martín Códax, Toledo</b>	2 BECASAIE

Grazas a estes acordos, todas estas escolas colaboran na dotación destas 68 BECASAIE, cunha achega de ata o 40% do importe total de cada bolsa. No caso de que a dotación total da bolsa non cubra o importe completo da matrícula, o/a bolseiro/a deberá facerse cargo da diferenza. Máis información sobre as condicións específicas de cada Escola nas súas páxinas web.

• **44 BECASAIE** de Formación ou Ampliación de Estudos Musicais destinadas a centros de ensino musical non oficial, tanto en España coma no estranxeiro de libre elección.

• **5 BECASAIE** de Formación ou Ampliación de Estudos Musicais destinadas a **Socios da AIE maiores de 35 anos** para estudar en centros de ensino musical non oficial, tanto en España coma no estranxeiro de libre elección.

## 30 BECASAIE de Alta Especialización, segundo a seguinte distribución:

- **3 BECASAIE de 6.000 €** para o **Berklee College of Music** (Boston, EEUU)
  - **5 BECASAIE de 6.000 €** para centros de ensinanza musical non oficial tanto en España coma no estranxeiro.
  - **4 BECASAIE de 6.000 €** para a **Escuela Superior de Música Reina Sofía, Madrid**
  - **1 BECAIE de 6.000 €** para o **Conservatori del Liceu de Barcelona**, destinada a Estudos de Grao Superior Regrados.
  - **1 BECAIE de 6.000 €** para o **Taller de Músics de Barcelona**, destinada a Estudos Superiores Regrados.
  - **1 BECAIE de 6.000 €** para a **Escuela Superior de Música de Alto Rendimiento (ESMAR)** L'Eliana (Valencia)
  - **1 BECAIE de 6.000 €** para a **Escuela Superior de Música Creativa de Madrid**, destinada a Estudos Superiores de Música.
  - **1 BECAIE de 6.000 €** para o **Centro Superior KATARINA GURSKA**, Máster en Dirección Sinfónica, Instrumental e Vocal.
  - **2 BECASAIE de 3.000 €** cada unha para a **Jam Session Escuela de Música, Barcelona**, destinada a estudos superiores de música rock.
  - **2 BECASAIE de 3.000 €** cada unha para **Musikene, San Sebastián**, destinadas a estudos superiores de música nas especialidades de Interpretación Clásico e Jazz.
  - **3 BECASAIE de 2.000 €** cada unha para a **Escuela Superior de Música de Catalunya (ESMUC)**, destinada a estudantes do Máster de Estudos Avanzados para instrumentos de música clásica e contemporánea.
  - **2 BECASAIE de ata 5.000 €** cada unha para Máster AIE en xestión n de grupos musicais (orquestras, bandas, coros, grupos, etc.).
  - **1 BECAIE de Jazz Tete Montoliu de 3.000 €**, para centros de ensino musical non oficial tanto en España coma no estranxeiro.
  - **3 BECASAIE** para o **Liverpool Institute for Performing Arts - LIPA** (Liverpool, Reino Unido), cunha dotación de 1.000 €.
- Estas bolsas están destinadas a estudantes de estudos superiores que xa se presentasen as probas oficiais de ingreso deste centro de acordo co seu calendario. Para máis información: [www.lipa.ac.uk](http://www.lipa.ac.uk)

## 6 BECASAIE de 300 € destinadas aos Cursos Manuel de Falla, organizados polo Festival Internacional de Música y Danza de Granada, para alumnos activos

- Curso. Aspectos analíticos, creativos e interpretativos do repertorio musical conservado en España e Hispanoamérica entre os séculos XVI e XVIII.
- Curso. Poéticas da creación actual: viaxe polos territorios do pensamento e a interdisciplinariedade.
- Academia barroca del Festival de Granada.
- Clases maxistras de piano.

A AIE concederá estas BECASAIE a alumnos non residentes en Granada, seleccionados por un Tribunal creado expresamente para esta modalidade, e a súa concesión comunicaráselles aos solicitantes a partir do 22 de maio de 2024. A súa dotación cubrirá os gastos de matrícula e estancia ata un máximo de 300 €. A organización dos Cursos non proporciona aloxamento en Granada; este gasto debe sufragalo o alumno directamente con cargo aos 300 euros da axuda. A AIE tramitará o pago das mesmas directamente cos destinatarios/as das bolsas

Para beneficiarse das BECASAIE destinadas aos Cursos Manuel de Falla, é requisito indispensable que o alumno sexa escollido como activo polo profesor correspondente, conforme ás condicións dos Cursos.

Máis información en: Tfno 661 672 366

<http://www.granadafestival.org>

[cursos@granadafestival.org](mailto: cursos@granadafestival.org)

### 1. REQUISITOS PARA OS SOLICITANTES

- Poderá optar á concesión dunha bolsa calquera estudante ou profesional da música en activo, con independencia do instrumento ou modalidade obxecto de estudo, incluíndo a voz, dirección de orquestra ou as novas tecnoloxías.

- Tanto os estudantes como os profesionais deben ter a nacionalidade española, ou ben doutro país da Unión Europea ou dun país latinoamericano e ser residentes legais en España.

- **Os solicitantes das BECASAIE de Alta Especialización deberán enviar, xunto coa súa solicitude e o resto da documentación, unha copia da súa declaración de Facenda máis recente ou, na súa falta, da dos seus pais ou titores.**

### 2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para tramitar a solicitude, os interesados deberán cubrir o formulario de solicitude en liña e achegar a documentación que se solicita en [www.aie.es/formacion/becas-aie/](http://www.aie.es/formacion/becas-aie/)

**O prazo para presentar a solicitude e a documentación finalizará o 27 de marzo de 2024, ás 18:00 horas.**

A AIE manterá a máis estrita confidencialidade sobre os datos achegados polos solicitantes.

### 3. SELECCIÓN

O estudo e selección das solicitudes correspóndelle á AIE, nomeando para ese efecto tribunais específicos compostos por profesionais de recoñecido prestixio, cuxos criterios de valoración terán en conta os méritos académicos e artísticos dos solicitantes, así como os seus plans educativos e profesionais. Para as bolsas de Alta Especialización, o tribunal convocará unha audición e/ou entrevista persoal cos candidatos que obtivesen a maior puntuación no expediente de cualificación.

### 4. NOTIFICACIÓN

**A partir do 9 de xullo de 2024**, a AIE informará aos solicitantes da concesión ou denegación da bolsa, excepto no caso das seis BECASAIE destinadas aos Cursos Internacionais Manuel de Falla, cuxa concesión se comunicará a partir do **22 de maio**.

### 5. CONCESIÓN

A concesión das bolsas é potestade da AIE, que reserva a facultade de retirar a bolsa a quen non cumpra cos requisitos adoptados.

### 6. OBRIGAS DOS BOLSEIROS

- Cumprir as condicións que figuran nestas bases.

- Aceptar por escrito a bolsa concedida, unha vez remitida pola AIE a comunicación oficial da concesión. De non producirse esta aceptación antes da data que se indique na mesma, entenderase como unha renuncia implícita á bolsa.

- Os bolseiros de Alta Especialización comprometeranse por escrito a participar nun concerto organizado pola AIE.

- É requisito indispensable para os bolseiros de Alta Especialización non estar en posesión dunha bolsa doutra entidade.

### 7. PAGAMENTO DAS BECASAIE

No caso das BECASAIE destinadas a escolas de libre elección, é condición indispensable que os gastos de educación ascendan, polo menos, a un 60 % do importe da bolsa.

No caso das BECASAIE destinadas ás escolas coas que a AIE ten establecido un acordo de colaboración, a AIE tramitará o pago correspondente ás bolsas directamente co centro de estudos.

Todas as cantidades citadas correspondentes ás dotacións das BECASAIE son brutas e quedan suxeitas á aplicación da normativa fiscal vixente.

Debe consultar as bases completas da convocatoria de BECASAIE 2024/2025 en [www.aie.es/formacion/becas-aie](http://www.aie.es/formacion/becas-aie)

# becasaie



BECASAIE  
de formación  
o Ampliación  
de Estudios  
Musicales y de  
Alta Especialización



# 2024/2025

SOCIEDAD DE ARTISTAS  
Intérpretes o Ejecutantes